

PROPOSTA DE ACTIVIDADES EN TORNO Á POESÍA E NOVONEYRA

OBXECTIVO	PROPOSTA	OBSERVACIÓNS
<p>Coñecer e difundir os poemas de Novoneyra entre o entorno familiar. (mes de maio)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Seleccionar poemas de Novoneyra axeitados a cada nivel. - Escribir cartas a amigos e familiares nas que se inclúa algún poema de Novoneyra. Facer o mesmo por correo electrónico. - Franquear colectivamente as cartas, coa difusión precisa entre os medios de comunicación. 	
<p>Difundir os poemas de Novoneyra no entorno e veciñanza.(mes de maio)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Agasallar aos establecementos comerciais máis próximos con "octavillas" para entregar coa compra aos clientes (preferiblemente en comercios pequenos: panaderías, carnicerías, farmacia,...). Estas octavillas poden ser manuscritas e logo fotocopiadas, ou transcritas a ordenador. 	<p>-Ofertar/pedir a pais/nais, avós/as que podan participar con nós na copia e difusión dos poemas (apuntaríanse antes, facilitaríamoslles os poemas...)</p>
<p>Difundir os poemas de Novoneyra nun entorno amplo.(semana das Letras)</p> <p>Coñecer e difundir os poemas de Novoneyra no centro escolar. (mes de maio)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Propoñer ás familias a confección de pancartas (papel, plástico, tea) con fragmentos de poemas de Novoneyra para pendurar de balcóns e ventás, na semana das Letras. - Cada semana colocar nas paredes/corredores un poema seleccionado en letras grandes (individuais, plastificadas...) 	<p>-Aproveitar pontes, penduralas nas xanelas dos domicilios... Poden ser poemas completos. Ten algún dun só verso.</p> <p>-Nos centros próximos, poderíamos intercambialas, para aforrar tempo, esforzo, materiais -As letras poden ser de creación propia, decoradas polo alumnado, ou das moitas fontes disponíbeis na rede.</p>